

POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN

A REVOLTA IRMANDIÑA 2026

Data da proba: 14 de xuño de 2026

A inscrición na Revolta Irmandiña implica a aceptación íntegra desta política de devolucións. A organización recomenda lela antes de formalizar o pago.

Condicións xerais

A inscrición é persoal e intransferible, salvo nos casos expresamente recollidos nesta política.

A organización poderá solicitar documentación acreditativa en calquera das situacións de devolución, cambio ou modificación.

1. Prazos e porcentaxes de devolución

Co obxectivo de garantir a sustentabilidade económica da carreira e cubrir os gastos comprometidos meses antes da proba, establécense os seguintes prazos:

- Devolución íntegra (100%): Dentro das 48 horas seguintes á realización da inscrición, sempre que se solicite antes do 1 de xuño de 2026.
- Devolución parcial (50%): Ata o 23 de abril de 2026, por cancelación voluntaria do/a participante.
- Sen dereito a devolución: A partir do 23 de abril de 2026, salvo causas xustificadas recollidas no punto 3.

2. Gastos non reembolsables

En todos os casos, non se devolverán:

- Comisións da plataforma de pago.
- Gastos de xestión asociados á inscrición.

- Servizos adicionais contratados (como seguros, merchandising ou envíos).

3. Devolucións por causas xustificadas

Poderá solicitarse unha devolución fóra dos prazos anteriores se concorreren circunstancias graves acreditadas documentalmente. A organización poderá aceptar, rexeitar ou propor alternativas segundo o caso.

Lesión ou enfermidade

- Requírese xustificante acreditativo por incapacidade temporal ou similar
- Ata o 10 de xuño de 2026, poderá solicitarse:
 - Devolución do 75%, ou
 - Traslado da inscrición á edición 2027 (unha única vez).

Accidentes, intervencións cirúrxicas ou causas de forza maior

- Admitirase documentación xustificativa da situación.
- Poderase optar a devolución do 75% ou ao traslado á edición 2027.

Dobre inscrición por erro técnico

- Devolución íntegra do importe correspondente a unha das inscricións.

Fallecemento dun familiar de primeiro grao

- Posibilidade de devolución do 75% ou traslado de edición.

A organización resérvase o dereito de solicitar información adicional para validar a causa alegada.

4. Cambio de titularidade

Co fin de facilitar a participación, permítese o cambio de titularidade do dorsal:

- Ata o 22 de maio de 2026.
- A través da plataforma oficial da carreira.
- Cun custo administrativo de 5 €.
- Un dorsal só poderá cambiar de titular unha vez.

Non se admitirán cambios fóra deste prazo.

5. Cambios de distancia ou horarios

Poderase solicitar o cambio ata o 5 de xuño de 2026, sempre que haxa prazas dispoñibles.

6. Cancelación, modificación ou aprazamento por parte da organización

Cancelación total da carreira

Se a Revolta Irmandiña tivese que cancelarse por causas alleas á vontade da organización (climatoloxía extrema, decisión das autoridades, cuestións sanitarias...):

- Ofrecerase devolución do 80% da inscrición (o 20% restante cobre gastos xa executados).
- Alternativamente, poderá escollerse o traslado gratuíto á edición 2027.

Aprazamento a outra data

Se a proba se traslada a unha nova data:

- A inscrición manterase automaticamente.

- Poderá solicitarse devolución do 80% durante os 10 días naturais seguintes ao anuncio do aprazamento.

Modificación do percorrido, horario ou distancia

Estas modificacións, motivadas por razóns de seguridade ou por decisión das autoridades competentes, non darán dereito a devolución, salvo que a proba non poida celebrarse.

7. Condicións meteorolóxicas adversas

A carreira desenvolverase en condicións de choiva, barro e meteoroloxía habitual da época, sempre que non supoña un risco grave para a seguridade.

- A existencia de choiva, vento, calor, frío ou circunstancias similares non dará dereito a devolución.
- A organización poderá alterar tramos, neutralizar obstáculos ou modificar horarios por seguridade.

8. Non presentación o día da carreira

A non asistencia o 14 de xuño de 2026, independentemente da causa, supón a perda total do dereito a devolución, agás causas xustificadas acreditadas previamente segundo o punto 3.

9. Recollida de dorsais e material

A persoa rexistrada poderá autorizar a outra persoa para retiralo, dentro dos horarios establecidos, sempre que achegue copia do DNI e autorización.

Os artigos promocionais incluídos na inscrición (camiseta, bolsa, etc.) só se garantirán se se recollen nos días previstos.

10. Procedemento de solicitude de devolución

As solicitudes deberán enviarse ao correo oficial da carreira arevoltairmandinha@kforce.gal e debe incluír:

- Nome e apelidos.
- DNI.
- Número de inscrición.
- Motivo da solicitude.
- Xustificante ou documentación, se procede.

A organización comprométese a responder nun prazo máximo de 15 días naturais.

11. Aceptación da política

A formalización da inscrición implica a aceptación expresa desta política de devolucións, do regulamento xeral da carreira e das condicións establecidas pola organización.